

# STRES TERMICO

A/A: Director da Planta

Sabedor, de que ciclicamente nesta época do ano se dan situacións de altas temperaturas, as cales afectan a Ergonomía Ambiental no traballo, sorpréndenos que un ano máis se siga co vello manual da improvisación, que se activa en función da protesta e non da obriga que ten como Director desta fábrica, a de activar con arranxo á Lei e ós protocolos de actuación tanto en zonas concretas, caso de Masillas e Pintura, como no conxunto da Planta.

Os traballadores/as sabemos por Lei que:

"Nos lugares de traballo deberán cumprirse as disposicións mínimas establecidas na Lei en canto ás súas condicións ambientais, as cales non poden constituír unha fonte de incomodidade, fatiga ou molestia que incremente o risco de accidente no traballo. Para iso deberanse evitar as temperaturas extremas, cambios bruscos etc. (cargas excesivas de traballo, maior ritmo polo recorte do 13 minutos de fatiga Andón).

Os sistemas de aireación deberán asegurar unha efectiva renovación do aire no local do traballo, ademais de ter en conta limitacións ou condicionantes de cada traballador/a, (limitados/as), a roupa de traballo así como os procesos ou operacións que realicen. (postos de alto esforzo físico ou o caso de Ferraxe onde temos que utilizar sempre a mesma indumentaria verán-inverno).

En canto as temperaturas:

.-Lugares de traballo sedentario (oficinas).....de 17 a 25 ° C

.-Talleres.....de 14 a 25° C

Nestes días estamos superando os 33°C. A partir de 27° está considerado como ambiente caloroso.

Humidades:

.-A humidade relativa deberá estar comprendida entre o 30% e o 70%. O noso medidor apunta a unha media de 65 %, o que inflúe na sensación térmica das persoas.

Stres Térmico:


Con independencia das fórmulas de medición, o realmente importante é a reacción que ten que facer o Corpo Humano para evitalo, poñendo en funcionamento unha serie de mecanismos como:

.-Vasodilatacións sanguíneas

.-Apertura de glándulas audíporas

.-Aumento da circulación sanguínea periférica

.-Perda de sales minerais



Para o efecto da deshidratación aconsellan beber frecuentemente pequenas cantidades de auga, ( vostedes ofrecen para unha xornada, botellas 1 ou 2 de 33 cl. a media tarde. Menos mal que estamos no País da auga).

Tamén poden aparecer entre outras sintomatoloxías:

- Calambres de calor.- espasmos intermitentes dos músculos que producen dor, producidos por traballo intenso en ambiente caloroso.
- Síncope Calórico.- desmaios
- Erupción cutánea: provocada pola excesiva suoración e excesiva humidade ambiental.
- Esgotamento por calor: traballo continuado sen descansar, falla de reposición de auga e sales no corpo.

De todo isto, que forma parte da Saúde no Traballo, as Empresas son responsables de adoptar as medidas preventivas necesarias, como serían:

- Informar e formar os traballadores/as dos riscos. Adestrar en recoñecementos dos primeiros síntomas das afeccións de calor.
- Permitir adaptar os ritmos de traballo á súa tolerancia ó calor.
- Dispoñer de sitios de descanso
- Proporcionar auga fresca durante toda a xornada.
- Garantir unha vixianza médica dos traballadores/as con problemas cardiovasculares respiratorios, renais diabetes etc.

Para a C.I.G. que sempre se tomou moi en serio a Saúde Laboral, consideramos que estes son os factores que se deberían ter en conta no deseño dun protocolo estable, global e adecuado ás necesidades da fábrica.

Como a realidade é ben distinta, recomendamos ós compañeiros/as que ante calquera síntoma de stres térmico, non dubiden en acudir ó Servizo Médico.

Por último o tema do auga. Non é a primeira vez que todos denunciemos o racaneo deste líquido, por 0'20 Céntimos que vale unha botella de litro e medio, como se pode estar dando este lamentable espectáculo. Se do que se trata é de aforrar, nós tamén apuntamos unha suxestión: Que se supriman os agasallos cando se negocia o Convenio Colectivo.

Vigo, 7 de Xullo de 2010

# Confederación Intersindical Galega